



## Fases finais Competicións provinciais A Coruña e Lugo

A Federación Galega de Balonmán informa a todos os clubs das provincias de A Coruña e Lugo, que tras os acordos adoptados na reunión de clubs realizada o 6 de febreiro de 2019 no salón de actos do Complexo Deportivo Elviña, compre realizar as seguintes aclaracións:

1. As datas das fases finais das competicións provinciais serán:

| COMPETICIÓN | DATA FASE FINAL    | Nº EQUIPOS PARTICIPANTES                 |
|-------------|--------------------|--|
| Benxamín 5  | 11 de maio de 2019 | 6 G. Centro + 5 G. Costa + 1 Organizador |
| Alevín 5    | 25 de maio de 2019 | 6 G. Centro + 5 G. Costa + 1 Organizador |
| Alevín 7    | 12 de maio de 2019 | Os 4 primeiros clasificados              |

IMPORTANTE: En caso de que o organizador da fase final xa este clasificado por méritos deportivos, clasificará un equipo mais do grupo centro, a non ser no caso de que o organizador xa teña un equipo clasificado por méritos deportivos e outro que non clasificara, que neste caso terá dereito a clasificar a ese segundo equipo.

2. O formato de competición nas fases de Balonmán 5 será de 4 grupos de 3 equipos, sendo cabezas de serie os primeiros e segundos clasificados da liga regular no Grupo Centro e no Grupo Costa, o sistema será de todos contra todos a unha soa volta, clasificando o primeiro de cada grupo para semifinais, enfrontándose A-C e B-D, o mínimo de partidos xogados por cada equipo será de catro.
3. O formato de competición na fase final de alevín 7 será de semifinais e final, xogando 1º contra 4º e 2º contra 3º clasificados da liga regular.
4. O **1 de Xuño** serán as fases finais autonómicas nas categorías alevín 7 e benxamín 5, aclaramos que en contra do que se nos transmitiu na reunión, os clubs de Lugo afirman que en ningún momento puxeron a súa praza na fase final autonómica a disposición dos equipos mellor clasificados na competición



provincial de A Coruña, parece ser que foi algo que se dou por feito dende un grupo de traballo sen competencias reais neste ámbito, e segundo nos transmiten, ningún lles consultou sobre esa medida. Así que nesta tesitura, dende a FGBm, ao non haber un acordo escrito, vémonos na obriga de tomar a decisión de conservar as prazas de cada provincia tal e coma marca a normativa, e o representante de Lugo sairá do vencedor dunha eliminatoria entre os equipos lucenses federados.

5. Ábrese o prazo para a solicitude da organización das fases finais nas tres competicións, as solicitudes deben remitirse a [del.coruna@fgbalonman.com](mailto:del.coruna@fgbalonman.com) antes do vindeiro 2 de maio ás 14:00 horas, indicando claramente a fase ou as fases que se queren organizar. O organizador debe asumir:

- O custe de manutención de todos os participantes (picnic, comida...), incluído o colectivo arbitral.
- A compra de medallas para todos os participantes, así coma os trofeos para os tres primeiros clasificados de cada competición.
- As augas para todos os equipos durante os partidos.
- A elaboración do cartel do evento e a organización da presentación ante os medios de comunicación coas autoridades locais e da FGBm.
- Habilitar un espazo na instalación para un stand da FGBm.
- Cumprir con todos os requisitos marcados pola FGBm para ser sede dunha xornada deste tipo.

**A Xunta Directiva da FGBm**



En Vigo a, 23 de abril de 2019